



Guía Docente				
Datos Identificativos			2012/13	
Asignatura (*)	Avaliación e intervención psicolóxica en dificultades de aprendizaxe		Código	652438023
Titulación	Mestrado Universitario en Psicoloxía Aplicada			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	3
Idioma	Galego			
Prerrequisitos				
Departamento	Psicoloxía Evolutiva e da Educación			
Coordinación	Baña Castro, Manuel	Correo electrónico	m.bcastro@udc.es	
Profesorado	Baña Castro, Manuel	Correo electrónico	m.bcastro@udc.es	
Web				



Descrición xeral

MATERIA: AVALIACION E INTERVENCION PSICOLOXICA EN DIFICULTADES DE APRENDIZAXE.

Paso 1. Competencias da Titulación

1. Capacidade de análise e síntese así como de aplicar os coñecementos á práctica. 2. Capacidade de traballo con un equipo interdisciplinario. 3. Habilidades de xestión da información (habilidade para buscar e analizar información procedente de diferentes fontes). En concreto, o alumnado deberá posuír e potenciar as seguintes competencias e destrezas xenéricas:

- Fluidez e propiedade na comunicación oral e escrita.
- Compromiso persoal de esforzo para a avaliación psicolóxica en educación e capacidade de análise e síntese.
- Habilidades para conseguir analizar información desde diferentes fontes.
- Capacidade de crítica e autocrítica.
- Capacidade para aplicar a teoría á práctica.
- Habilidade para traballar de forma autónoma e en equipo.

de fontes diversas).

Paso 2. Competencias da materia

1. Coñecer o concepto de motivación académica e a súa relación e coas dificultades de aprendizaxe. 2. Coñecer as dimensións motivacionais do autoconcepto, metas académicas e atribucións causais en alumnos con dificultades de aprendizaxe. 3. Identificar e definir os problemas psicolóxicos relacionados coa motivación e as dificultades de aprendizaxe da lectura, escritura e cálculo. 4. Coñecer e analizar a importancia da multidimensionalidade e a interdisciplinariedade na avaliación e na intervención psicolóxica en alumnos con dificultades de aprendizaxe. 5. Adquirir habilidades e competencias técnicas suficientes sobre programas de prevención e intervención psicolóxica en déficits motivacionais e de aprendizaxe. 6. Adquirir habilidades e competencias técnicas de uso na avaliación e na intervención psicolóxicas a partir dos principais procedementos e instrumentos utilizados nesta materia. 7. Adquirir coñecementos para o deseño de programas de investigación sobre determinantes das dificultades de aprendizaxe.

Paso 3. Contidos

1. O PROCESO DE INVESTIGACION DE VARIABLES CONTEXTUAIS E PSICOLOXICAS INTERVINTES NAS DIFICULTADES DE APRENDIZAXE ESCOLAR.

2. CATEGORIAS, FACTORES XERAIS INCIDENTES, PROCESO XERAL DE AVALIACION E INTERVENCION PSICOLOXICA NAS DIFICULTADES DE APRENDIZAXE ESCOLAR.

3. O PROCESO DE AVALIACION PSICOLOXICA E SISTEMICA EN NENOS CON DIFICULTADES DE APRENDIZAXE ESCOLAR: TEORIAS E MODELOS EXPLICATIVOS.

4. A INVESTIGACION NAS NAS DIFICULTADES COGNITIVAS E DE COMUNICACIÓN QUE INCIDEN NA APRENDIZAXE ESCOLAR.

5. A INVESTIGACION DE VARIABLES PSICOLOXICAS NAS DIFICULTADES DERIVADAS DE DEFECTS MOTIVACIONAIS, DE PERSONALIDADE E PSICOSOCIAIS DE SUXEITOS EN IDADES ESCOLARES.

6. A INVESTIGACION DE VARIABLES CONTEXTUAIS DE INTERACCION PERSOAL E FAMILIAR, ESCOLAR E DE GRUPO DE IGUAIS PARA ALUMNADO CON DIFICULTADES DE APRENDIZAXE.

Paso 4. Planificación.

O Curso terá tres partes delimitadas e secuenciadas: a) explicación teórica das principais áreas que abranguen as



Dificultades de Aprendizaxe e facilitación de información sobre os principais modelos de investigación para as devanditas áreas; b) Proposta de búsqueda por parte do alumno das principais fontes na investigación sobre as dificultades de aprendizaxe; c) análise, discusión e proposta de realización de un deseño de investigación sobre temas relacionados coas áreas das Dificultades de Aprendizaxe.

Paso 5. Metodoloxías

a) Impartición de Clases teóricas presenciais, nas que se desenvolverán os contidos teóricos fundamentais da materia, utilizando unha metodoloxía que propicie a participación dos estudantes no inicio da investigación dos núcleos desta materia e apoiada en medios audiovisuais.

b) Clases prácticas presenciais, nas que se desenvolverán os contidos prácticos da materia a través da realización de supostos y aplicacións prácticas, especialmente dirixidas á iniciación da investigación.

c) Realización de Traballos tutelados e outras actividades formativas, nos que de forma tutorial se plantearán, seguirán e valorarán diversos traballos sinalados ao alumnado no transcurso das clases.

En concreto, as clases desenvolveranse en sesións teórico-prácticas, de tal modo que o alumnado disporá do material necesario tanto para a parte teórica como para a súa aplicabilidade de investigación ao longo do desenvolvemento das sesións/clases do curso.

Paso 6. Atención persoalizada.

Cada alumno ou grupos de un máximo de tres/catro alumnos deberá realizar e entregar un traballo de fin de curso no que se desenvolva un deseño de investigación sobre calquera dos temas do programa.

Para a realización deste deseño o alumno ou cada grupo contará coa tutoría e asesoría persoalizada do profesor que proporcionará os recursos necesarios para o desenvolvemento do traballo.

Paso 7. Avaliación.

a) Realización dunha proba escrita ao final do curso e conterá unha proba de tipo test e pregunta curta (equivalente ao 50% do total).

b) Unha exposición individual ou en grupo (proba oral) do deseño de investigación realizado (equivalente ao 50% do total).

c) Proba final escrita, fixada pola Facultade, que tratará sobre o contido global do curso, para tódolos alumnos e alumnas que non realizasen as probas dos apartados a) e b).

A nota final será a media das puntuacións obtidas ó longo do curso (parte teórica e as actividades prácticas da asignatura).

Observacións:

-Cada parte, das dúas de que consta a avaliación final, considérase aprobada con 5.0

-Se hai unha parte aprobada e a outra suspensa será necesario presentarse ó exame final da parte suspensa. En ningún caso farase a media se unha parte está suspensa.

Paso 8. Fontes de información.



B/ BIBLIOGRAFIA (REVISTAS CIENTIFICAS)

Revista Galego Portuguesa de Psicoloxía e Educación. Psicothema. Quinesia. Infancia y Aprendizaje. Revista de Ciencias de la Educación. Revista de Educacion. Análisis y Modificación de Conducta. Journal of Learning Disabilities. Journal of Special Education. Revsista Iberoamericana de Educación. Revista Española de Pedagogía.

Paso 9. Recomendacións.

É importante que o alumnado esté iniciado no traballo e manexo do paquete estatístico SPSS, xa que deberá utilizalo con certa frecuencia ao longo do curso.



Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación
A1	Recoñecer e respectar a diversidade humana e comprender que as explicacións psicolóxicas poden variar a través de poboacións e contextos.
A7	Saber realizar un seguimento sobre un caso elixindo obxectivos pertinentes e realistas.
A9	Coñecer os métodos e técnicas cuantitativos e case-cuantitativos de recollida de información en psicoloxía aplicada.
A13	Coñecer e ser capaz de utilizar os diferentes modelos, teorías, métodos e técnicas de avaliación e intervención que son específicos dos distintos ámbitos da investigación en Psicoloxía Aplicada e desenvolver unha actitude crítica propia do espírito científico.
A14	Ser capaz de analizar a documentación bibliográfica necesaria para un traballo de investigación.
A15	Ser capaz de analizar criticamente as publicacións científicas.
B1	Capacidade de análise e síntese.
B2	Capacidade de organización e planificación.
B3	Traballo en equipo.
B6	Razoamento crítico.
B8	Aprendizaxe autónoma.
B10	Motivación pola calidade.
B12	Toma de decisións.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)		Competencias da titulación	
Saber da diversidade humana, do recoñecemento da súa riqueza para a vida, dos plantexamentos dunha vida para todos e todas, donde dar e recibir axuda coa intención de crear un mundo de valores persoais e humanos		A11 A17 A19 A13 A14 A15	
1. Capacidade para xestionar o coñecemento e a información actualizados e coherentes sobre investigación e intervención psicoeducativas en contextos e escenarios diversos funcionalmente. 2. Capacidade crítica para levar a término reflexións neste ámbito, con precisión conceptual e rigor. 3. Competencias para detectar, previr e intervir para favorecer o desenvolvemento e a aprendizaxe en persoas con diversidade funcional procurando a súa autodeterminación e calidade de vida. 4. Capacidades para avaliar e intervir en procesos e prácticas psicoeducativas en aras de promover e mellorar o desenvolvemento psicolóxico integral de persoas de tódalas idades, os procedementos psicoeducativos utilizados e o funcionamento de grupos e institucións educativas. 5. Competencias para recoller datos, analizar, intervir e investigar/intervir sobre procesos psicolóxicos relacionados coa aprendizaxe; en contextos familiares e escolares.		A13 A15	B11 B12 B13 B10 B12



Recoñecer e respectar a diversidade humana e comprender que as explicacións psicolóxicas poden variar a través de poboacións e contextos. Ser capaz de lograr un adecuado nivel de comprensión da demanda do destinatario en cada situación ou contexto de aplicación. Ser capaz de analizar a documentación bibliográfica necesaria para un traballo de investigación. Coñecer os métodos e técnicas cuantitativos e case-cuantitativos de recollida de información en psicoloxía aplicada. Coñecer e ser capaz de utilizar os diferentes modelos, teorías, métodos e técnicas de avaliación e intervención que son específicos dos distintos ámbitos da investigación en Psicoloxía Aplicada e desenvolver unha actitude crítica propia do espírito científico. Ser capaz de elaborar un informe científico que implique definir un problema de investigación, as hipóteses e variables asociadas, así como definir o deseño, a mostra e o seu modo de selección, as ferramentas de recollida de datos e a súa consecuente análise e discusión. Capacidade de organización e planificación. Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica. Habilidades nas relacións interpersoais. Valorar críticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.	AI1	BI6 BI8	CM1 CM4 CM6 CM8
--	-----	------------	--------------------------

Contidos	
Temas	Subtemas
1. O PROCESO DE INVESTIGACION DE VARIABLES CONTEXTUAIS E PSICOLOXICAS INTERVINTES NAS DIFICULTADES DE APRENDIZAXE ESCOLAR.	1.1. Concepto e características das dificultades de aprendizaxe escolar 1.2. Niveis de explicación e variables definitorias
2. CATEGORIAS, FACTORES XERAIS INCIDENTES, PROCESO XERAL DE AVALIACION E INTERVENCION PSICOLOXICA NAS DIFICULTADES DE APRENDIZAXE ESCOLAR.	2.1. O proceso de avaliación e intervención e concepcións actuais nas dificultades de aprendizaxe escolar. 2.2. Concepcións actuais e contemporáneas da intervención nas dificultades de aprendizaxe escolar
3. Prácticas en Trastornos ou dificultades de aprendizaxe. os contextos de aprendizaxe e a elaboración de propostas de calidade	3.1. Principios actuais de avaliación e atención nos trastornos de aprendizaxe. 3.2 Aplicación destes principios e avaliación continuada. 3.3. A elaboración de informes psicolóxicos.

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Proba obxectiva	6	19	25
Prácticas a través de TIC	10	30	40
Aprendizaxe colaborativa	0	2	2
Discusión dirixida	3	0	3
Atención personalizada	5	0	5
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado			

Metodoloxías



Metodoloxías	Descrición
Proba obxectiva	Serve para avaliar a claridade e concreción dos contidos avaliados, sobre todo conceptuais, tamén para observar e avaliar o grado de claridade de exposición, traballo e elaboración dos contidos en canto ao ensino e aprendizaxe. Con este obxecto plantearase unha exposición e organización dos contidos en forma de esquemas e contidos incluídos máis significativos e vertebrais nos temas que se expoñan; tamén en canto ao rigor científico posibilitando a claridade dos conceptos utilizados e a súa aplicación práctica tanto puntual como en secuencias de aprendizaxe.
Prácticas a través de TIC	O máster implica a práctica e a aprendizaxe práctica en canto á demanda e atención de calidade e á carta; os recursos como as TIC posibilitan un achegamento rápido e adecuado a cada momento en que a persoa o necesite e demande; para ilo, os principios de aprendizaxe en canto a acción participativa, motivo e necesidade son fundamentais para entender e comprender en que consiste este tipo de axuda e apoio así como a adecuación das prácticas basadas na calidade e o rigor científico. Con este obxecto, a psicoloxía aplicada exige o desenvolvemento de prácticas adaptadas a cada situación así como a proposta de medios eficaces e rápidos que permitan esta aprendizaxe e contacto real, únicos e imprescindibles para aprender a intervir así como avaliar nestes contextos específicos da materia que aprendemos.
Aprendizaxe colaborativa	O campo profesional e investigador da intervención e avaliación implica un recoñecemento á inter e multidisciplinidade; é por este motivo que o traballo en equipo, o desenvolvemento de actitudes e habilidades para actuar neste ámbito obriga a plantearse certas habilidades e actitudes de aprendizaxe permanente e creativa; no ámbito actual é necesario recurrir a aprendizaxe creativa, a aprender cos e dos demais polo que a aprendizaxe colaborativa ten que ser un ámbito continuo de entrenamiento e estimulación; aprender dos demais é a única vía posible para mellorar neste campo así como o de permitir un continuo aprendizaxe imprescindible cando se trata de axudar ou de poder prestarlle atención a outra persoa.
Discusión dirixida	Dado que un máster é un ciclo de ensino superior, non cabe dúbida que o debate e participación implica interese, esforzo e curiosidade pola aprendizaxe en equipo de persoas que poden saber máis que un; tamén do recoñecemento da aprendizaxe continua e do marxe de mellora que un sempre ten. A discusión como dinámica de grupos permite elaborar, reestructurar ou crear novos esquemas de coñecemento polo que o protagonismo das persoas debe ser máximo en canto ás anteriores estratexias

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Proba obxectiva Prácticas a través de TIC	Cada alumno/a poderá, nas horas de tutoría, plantexar tantas posibles dificultades se lle presenten a hora da comprensión e resolución dos temas do programa, de tal modo que o profesor poda axudar a resolver. Para ilo, a aprendizaxe de solicitar axuda, establecer relacións comunicativas e creativas, poder criticar con sentido, ter como obxectivo a comprensión e o entendemento mútuo son posibilidades a desenvolver neste ámbito; Con este obxecto, o alumno/a terá capacidade de elección e implicación máxima persoal posibilitando responder e atender a cada demanda, necesidade e motivo de aprendizaxe explotando ao máximo posible a súa capacidade de oferta para aprender de forma cooperativa

Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Aprendizaxe colaborativa	A aprendizaxe continua, o desenvolvemento de habilidades de axuda, a aprendizaxe creativa, a empatía e a calidade de aprendizaxe serán avaliadas de forma continuada ao longo do período de clase; para elo, cada día establecerase unha pequena actividade de seguimento desta labora para poder discernir a calidade de aprendizaxe de cada alumno/a e no seu conxunto	30
Proba obxectiva	Trátase dunha proba obxectiva de verdadeiro-falso con dúas opcións a responder unha de coarenta enunciados acerca dos contidos teóricos da asignatura e coa finalidade de avaliar a exactitude e concreción obtida da súa aprendizaxe	30
Prácticas a través de TIC	Trátase de realizar un informe psicolóxico da actividade realizada a elixir entre cinco plantexadas na clase coa intención de por en marcha o rigor e a empatía con respecto á avaliación e intervención	20
Discusión dirixida	Avaliarase a participación, o interese, o esforzo pola aprendizaxe así como a capacidade de tomar decisións, participar na busca de solucións, contestar e responder de forma constructiva e crítica	20



Observacións avaliación

Fontes de información				
<table border="1"><thead><tr><th>Bibliografía básica</th><th> </th></tr></thead><tbody><tr><td>Bibliografía complementaria</td><td> </td></tr></tbody></table>	Bibliografía básica		Bibliografía complementaria	
Bibliografía básica				
Bibliografía complementaria				

Recomendacións		
<table border="1"><thead><tr><th>Materias que se recomenda ter cursado previamente</th></tr></thead><tbody><tr><td> </td></tr></tbody></table>	Materias que se recomenda ter cursado previamente	
Materias que se recomenda ter cursado previamente		
<table border="1"><thead><tr><th>Materias que se recomenda cursar simultaneamente</th></tr></thead><tbody><tr><td> </td></tr></tbody></table>	Materias que se recomenda cursar simultaneamente	
Materias que se recomenda cursar simultaneamente		
<table border="1"><thead><tr><th>Materias que continúan o temario</th></tr></thead><tbody><tr><td> </td></tr></tbody></table>	Materias que continúan o temario	
Materias que continúan o temario		
<table border="1"><thead><tr><th>Observacións</th></tr></thead><tbody><tr><td> </td></tr></tbody></table>	Observacións	
Observacións		

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías